

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) formalizou coa Real Academia de Farmacia de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes para colaborar impartindo ou poñendo en marcha actividades de formación dirixidas aos/ás profesionais do Servizo Galego de Saúde, así como efectuar unha labor divulgativa daquelas actividades nas que, atendendo ás súas características, se considere conveniente para ambas entidades. En concreto, a Real Academia de Farmacia de Galicia comprométese á realización de tres actividades de divulgación ou formativas que se acordarán con ACIS, a cal contribuirá coas mesmas cunha achega económica, se ben os gastos derivados do desprazamento ou compensación destas actividades aos/ás académicos/as serán por conta da Real Academia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que asinado se fundamenta no seguinte:

ACIS ten entre os seus fins xerais e obxectivos básicos o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación do Sistema Público de Saúde de Galicia. Ademais, o sistema sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico. Esta complexidade demanda a organización de actividades formativas no ámbito da saúde para a mellora continua dos/das seus/súas profesionais.

Pola súa banda, a Real Academia de Farmacia de Galicia é unha corporación de dereito público que, de conformidade cos seus estatutos, ten entre os seus fins o de divulgación científica e formación permanente dos/das profesionais da farmacia e a difusión social das ciencias farmacéuticas a través da web, campus virtual, cursos, seminarios, conferencias e calquera outro procedemento ou distincións das actividades que redunden en beneficio da mesma.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes, exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

